

Concello de Viveiro

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, CON CARÁCTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO A TRAVES DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) NO CONCELLO DE VIVEIRO (1 PRAZA DE OFICIAL FORESTAL PARA O ANO 2025).

1.-OBXETO DA CONTRATACIÓN.

Por parte do concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 1 traballador para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia municipal; PLANIFICACIÓN PREVENTIVA FORESTAL (1 OFICIAL FORESTAL) .

A totalidade dos contratos encádranse na subvención concedida ao Concello de Viveiro ao amparo da ORDE do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan assubvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e procedea súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedementoTR351G).

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de 1 traballador, a xornada completa cunha duración de nove meses, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal ao amparo da ORDE do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan assubvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e procedea súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedementoTR351G).

2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS.

A.- OFICIAL FORESTAL

Prazas a convocar: 1 praza de OFICIAL FORESTAL.

Para o exercicio profesional de **planificación preventiva forestal.**

Duración do contrato: 9 meses

Grupo de cotización 8

Tipo de contrato: contrato temporal de cláusulas específicas de contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego.

Xornada de traballo: traballo a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos.

3.-REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Para seren admitidos na convocatoria os aspirantes ademais dos requisitos establecidos nas bases xerais deberán:

- Non se precisa titulación académica
- Estar desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal).
- Non ser contratados no ano anterior por un periodo igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde, salvo en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes.

Coñecemento do idioma galego: **CELGA 3.**

Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Asdo. D^a. María Carmen Gueimunde González

(Documento asinado dixitalmente a marxe)

Concello de Viveiro

Praza Maior, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

